

1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

1. Sala do mar.

Aquí podedes ver tres barcos de verdade, como se chama o que só se move a remo?

- Dorna
- Gamela
- **Traiñeira**

A traíñeira é unha embarcación que se usou maioritariamente para a pesca da sardiña por todo o mar Cantábrico e tamén polas nosas costas bañadas polo océano Atlántico.

Hoxe en día xa non ten o seu uso antigo, pero ten outro! A competición deportiva nas que usas traíñeiras adaptadas, máis lixeiras que a que vedes na sala.

2. Sala dos oficios.

Cal é o nome do oficio que amaña pratos, potas....?

- Latoeiros
- **Cerralleiros e cantorleiros**
- Paraugueiros

Antes de tirar os obxectos que non son útiles tentamos raparalos, verdade? O oficio dos cerralleiros e cantorleiros adicábanse a amañar aquelas potas ou pratos que escacharan para dotalas dunha segunda vida. Quen afiaba paraugas tamén o facía, aínda que a súa especialidade era arranxar paraugas e afiar as ferramentas como os coitelos, os fouciños...

3. Sala de traxe.

Buscade a Coroza e fixádevos... De que material está feita?

- Coiro
- Liño
- **Palla**

A coroza é un chubasqueiro! Faise de xuncos ou colmo do centeo que ben trenzado non deixa pasar a auga e é impermeable, por iso nas zonas de montaña tamén podían facer os teitos deste material.

1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓNS

4. Sala de música.

Fixádevos nas fotos.... Cal dos seguintes instrumentos acompaña habitualmente á gaita cando vai nunha formación de tres persoas?

- **Tambor**
- Pandeiro
- Zanfona

Nas fotos antigas vemos que os dous instrumentos inseparables eran a gaita e o tambor. A gaita desenvolvendo a melodía mentres que o tambor marca o ritmo. Como vistes nas fotos da sala, tamén se xuntaban con pandeiretas aínda que este instrumento adoita usarse para cantar, acompañada doutros instrumentos de percusión como as latas, cunchas, etc. Hoxe en día as persoas musicas mesturan os instrumentos como lles gusta e adaptándose aos diferentes estilos musicais.

A zanfona é un instrumento de corda que antigamente tocaban, principalmente, as persoas cegas.

5. Sala de sociedade: En que festa é característico o lume?

- No Entroido
- **No S.Xoán**
- Nos Maios

O S.Xoán forma parte das festas cíclicas, que se repiten ano tras ano recibindo o verán. Hai moitos rituais que se fan nesta celebración no solsticio de verán. Por exemplo saltar a fogueira, apanhar herbas, lavar a cara con elas.... Como se festexa na vosa zona?

6. Sala de arquitectura: De que zona é a palloza, unha casa co teito de palla?

- Do mar
- **Da montaña**
- Ningún dos anteriores

Lembrades a corozas? O chubasqueiro de palla? Pois aquí tedes o exemplo de que os teitos tamén se facía do mesmo material, normalmente de colmo.



1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

1. Sala do mar. Aquí podedes ver tres barcos de verdade, como se chama o que se move a vela?

- Dorna
- Gamela
- **Ambas**

A gamela que vedes na sala é característica da Guarda, onde desemboca o río Miño. Ten a proa e a popa cadradas e o fondo plano. A vela parece feita de coiro pola cor que ten, pero non o é. Esa cor deriva do proceso de encascado (cocérona coa casca do piñeiro para endurecela).

A dorna segue usándose hoxe en día, adaptándose ao novos tempos e incorporando, nalgúns casos, motor. De curiosidade é que ten influencia nórdica, con similitudes ás embarcacións viquingas.

2. Sala de oficios. Cal é o nome do oficio que fai candís con latón?

- Cantorleiros
- Albardeiros
- **Latoeiros**

Os candís son lámpadas que non precisan electricidade para iluminar. Funcionan con cera, aceite ou carburo e está feitos de follalata, como moitos útiles caseiros que vedes na sala. As persoas encargadas de facelos son os latoeiros.

3. Sala de traxe: Buscade a Coroza e fixédevos...De que material está feita?

- Coiro
- Liño
- **Palla**

A corozza é un chuvasqueiro! Faise de xuncos ou colmo do centeo que ben trenzado non deixa pasar a auga e é impermeable, por iso nas zonas de montaña tamén podían facer os teitos deste material.

4. Sala de música: Fixádevos nas fotos.... Cal dos seguintes instrumentos acompaña habitualmente á gaita cando vai nunha formación de tres persoas?

- **Tambor**
- Pandeiro
- Zanfona

1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

Nas fotos antigas vemos que os dous instrumentos inseparables eran a gaita e o tambor. A gaita desenvolvendo a melodía mentres que o tambor marca o ritmo. Como vistes nas fotos da sala, tamén se xuntaban con pandeiretas aínda que este instrumento adoita usarse para cantar, acompañada doutros instrumentos de percusión como as latas, o pandeiro, as cunchas, etc. Hoxe en día as persoas músicas mesturan os instrumentos como lles gusta e adaptándose aos diferentes estilos musicais.

A zanfona é un instrumento de corda que antigamente tocaban, principalmente as persoas cegas.

5. Sala de sociedade: En que festa son características as flores?

- **Nos Maíos**
- No Magosto
- No Entroido

O Maio é unha festa que se fai na primavera festexando o acordar da natureza. A maneira máis común de celebralo é facer unha estrutura de xestas que se decora con flores e froitas. A comezos do mes, moita xente colga nas portas das casas ou nos coches ramiños de xestas floridas. Tamén se recitan coplas como:

Aí vén o maio / cargado de flores; detrás vén San Xoán/ que as trae mellores.

Como o celebrades vós?

6. Sala de arquitectura: Fixádevos nas maquetas ou fotos... cal é a construción que non ten a súa base na terra?

- A alvariza
- A palloza
- **O hórreo.**

Os hórreos serven para almacenar cereal como o millo, conservalo e secalo, por iso teñen a característica de non estar pegados ao terreo, xeralmente húmido e ácido, e tamén para evitar que roedores poidan alcanzar o millo. Polo mesmo motivo, enriba dos soportes sempre teñen unha pedra en horizontal que se chama "torna-ratos" ou, no caso de ter escaleiras, sempre lles falta o último chanzo. Que ben o deseñaron os nosos e as nosas antepasadas, verdade?